

Recursos Humanos  
Expediente 41038-220 e  
42667-220

ÁREA DE SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE  
VIGO



## OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019 (3º fase).

### PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRA/O TÉCNICA/O FORESTAL (A2)

#### ANUNCIO CONTESTACIÓN DE ALEGACIÓNS A PROBA DE INFORMÁTICA, PROBA DE GALEGO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

O órgano de selección, na súa sesión de data 21 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“...Dentro do prazo concedido de alegacións para a proba de informática, consta presentada alegación en data 20/12/2023 pola aspirante S. Teixeira Dacosta, no que se recolle a seguinte alegación:

*“As bases específicas do proceso publicadas o 2070972022 recollen que o 4º exercicio consistirá nunha proba práctica en competencias dixitais que se avaliará de 0 a 2 puntos, non contempla que os erros cometidos resten puntuación. Segundo a plantilla publicada os meus resultados foron de 9 preguntas correctas e 1 incorrecta, se a puntuación máxima son 2 puntos, cada pregunta correcta equivalentes a 0,2 puntos polo que a miña puntuación é de 1,8 puntos en lugar de 1,7. Para reforzar a xustificación, remitome aos exercicios doutros procesos selectivos deste Concello coas mesmas bases reguladoras, como son o da praza de Economista e a praza de Enxeñeiro técnico nos que houbo opositores con 9 preguntas correctas cuxa puntuación foi de 1,8 puntos. Con todo o anterior, solicito que se modifique a miña puntuación de 1,7 a 1,8 puntos.”*

O tribunal considera o seguinte: as bases non recollen expresamente que as respostas incorrectas resten expresamente neste exercicio porque non especifican que a proba teña que consistir en tipo test.

Pero unha vez que o tribunal decide que a proba sexa contestada a través dun tipo test, porque lle corresponde establecer as condicións do exercicio e da súa corrección, e para iso se remite aos criterios que as propias bases con carácter xeral establecen para os exercicios dos procesos selectivos do Concello de Vigo onde hai que realizar unha proba tipo test; é dicir, que cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, e non se puntuarán as non contestadas. En este suposto así o decidiu o órgano de selección, como criterio previo e así se lle comunicou aos aspirantes xusto antes do exercicio cando se lles explicou as condicións da realización da proba.

Cada órgano de selección é autónomo entre si nas súas decisións e non está vinculado ás decisións que poidan acordar os órganos de selección de outros procesos selectivos.

Polo exposto, acórdase desestimar a alegación presentada.”

Seguidamente, e conforme ao establecido na Base específica V do proceso, como queira que todos/as os/as aspirantes xustificaron documentalmente a posesión do título CELGA 4 (ou equivalente) exixido, estarán exentos/as da realización do quinto exercicio, proba de coñecemento da lingua galega, asignándoseles automaticamente a puntuación prevista (2 puntos). Consta no Exp. nº 41038/220, anexo informe administrativo da Administrativa de Admón. Xeral da Área de RRHH e Formación de data 20/12/2023, acreditativo desta circunstancia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/12/2023 14:59	Páxina 1 de 3
41038-220	CSV: A8AC37-E6D82A-A93957-VR8GJT-DB49WT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ASPIRANTE	DNI	Titulación lingua galega presentada ou equivalente	PUNTUACIÓN
SARA TEIJEIRA DACOSTA	**07514**	CELGA 4	2,00
PAULA RIVERA GARCÍA	**13164**	CELGA 4	2,00
JOSÉ MANUEL MEIRA SUÁREZ	**17548**	CELGA 4	2,00

Unha vez finalizados todos os exercicios previstos do proceso selectivo, resultan as seguintes puntuacións totais e ordenando ás/o aspirantes de maior a menor puntuación:

ASPIRANTE	DNI	1º Proba	2º Proba	3º Proba	4º Proba	5º Proba	TOTAL
PAULA RIVERA GARCÍA	**13164**	5,97	8,40	6,85	1,70	2,00	24,92
SARA TEIJEIRA DACOSTA	**407514**	7,55	5,36	6,10	1,70	2,00	22,71
JOSÉ MANUEL MEIRA SUÁREZ	**17548**	5,04	5,04	5,15	2,00	2,00	19,23

Como consecuencia, a aspirante con maior puntuación do proceso selectivo e que polo tanto será proposta para o nomeamento como funcionaria de carreira con cargo á praza de Enxeñeira/o técnica/o forestal, grupo A, subgrupo A2, contida na 3ª fase da Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (quenda libre), é Paula Rivera García, DNI 36131648M.

Segundo o apartado "Outras disposicións" das bases xerais (BOP Ponteveda de 07/07/2020) as/os candidatas/as que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación.

Á vista do exposto, o órgano de selección, por unanimidade, acordou elevar á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO:** Propoñer o nomeamento como funcionaria de carreira con cargo á praza de Enxeñeira/o técnica/o forestal, grupo A, subgrupo A2, escala Administración especial, subescala técnica, contida na 3ª fase da Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (quenda libre), a Paula Rivera García, DNI \*\*13164\*\*.

**SEGUNDO:** Propoñer ao resto de aspirantes que superaron todos os exercicios do proceso pero que non obtiveron praza, para a elaboración, no caso de que proceda, da correspondente lista de reserva conforme ás bases xerais do proceso e nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación, e na orde de maior a menor puntuación obtida no proceso selectivo:

- 1-Sara Teijeira Dacosta DNI \*\*07514\*\*
- 2-José Manuel Meira Suárez DNI \*\*17548\*\*

O que se publica, para xeral coñecemento, con indicación de que contra os acordos do Órgano de selección as persoas aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de tres (3) días hábiles, contado a partir do seguinte a dita publicación e de que contra a desestimación das reclamacións presentadas poderase interpoñer recurso de alzada perante o órgano (Xunta de Goberno Local) que designou ós integrantes deste Órgano de selección, no prazo dun (1) mes contado tamén a partir do seguinte ó da súa notificación ou publicación (Arts. 121-122 L.39/2015 – LPACAP e Base xeral Décimo sétima), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan deducir calquera outro recurso que estimen procedente conforme a Dereito.

O secretario do órgano de selección.- Marcos Viturro Gómez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/12/2023 14:59	Páxina 2 de 3
41038-220	CSV: A8AC37-E6D82A-A93957-VR8GJT-DB49WT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

# Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/12/2023 14:59	Páxina 3 de 3
41038-220	CSV: A8AC37-E6D82A-A93957-VR8GJT-DB49WT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		